



RESOLUCIÓN DO 18 DE MAIO DE 2022 DA XERENCIA DE ÁREA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE CONVOCA UN PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA DO PERSOAL FIXO DA CATEGORÍA DE GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO A CORUÑA

A Resolución da Xerencia da área sanitaria da Coruña e Cee de 15 de marzo de 2022 acordou convocar CONCURSO MOBILIDADE INTERNA entre Unidades/Servizos do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña con suxeición as bases asinadas o día 29 de decembro de 2020 entre a Xerencia de área sanitaria da Coruña e Cee e as centrais sindicais CC.OO., CIG, CSIF, O´MEGA, SAE e UXT.

Con posterioridade á publicación desta convocatoria a Dirección Asistencial decidiu a creación dunha praza para a **xestión do transporte sanitario non urxente**. A xestión deste procedemento require a dotación dun profesional de xestión e servizos (grupo auxiliar da función administrativa) que se ocupe da parte administrativa correspondente.

Para conseguir a mellora desexada na xestión desta actividade e a consecuente fluencia na xestión das altas e traslado dos pacientes o horario de desempeño das funcións propias do posto debe ser en quenda de 12 a 19 horas de forma ininterrompida de luns a venres.

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Poderá acceder a esta praza consonte as bases asinadas o 29 de decembro de 2020, nos termos e condicións previstos nelas, o persoal estatutario fixo correspondente da categoría de grupo auxiliar da función administrativa do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña que se atope en situación de servizo activo ou con reserva de praza.

SOLICITUDES E ACREDITACIÓN DE MÉRITOS

1. SOLICITUDE

As solicitudes para participar no presente procedemento achégase como anexo á convocatoria e será requisito imprescindible formalizar o rexistro administrativo mediante a súa presentación por duplicado, dentro do correspondente prazo, preferentemente no rexistro do CHUAC (planta semisoto do Hotel de Pacientes do Hospital A Coruña) ou, segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non se admitirán as solicitudes que conteñan algunha emenda, marca ou riscadura no formulario de participación así como en calquera dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación.



2. PRAZO DE PRESENTACIÓN de solicitudes e inclusión de méritos

O prazo de presentación de solicitudes será de 7 días naturais a partir da publicación do anuncio da páxina do espazo do profesional da área sanitaria da Coruña e Cee.

Os méritos valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación da presente convocatoria.

Tales méritos deberán estar debidamente rexistrados no sistema informático Expedient-e e acreditados documentalmente pola persoa interesada na data límite de finalización do prazo de presentación de solicitudes seguindo o procedemento descrito no xeral descrito para o concurso xeral de mobilidade interna no ámbito do CHUAC. Non será obxecto de valoración neste procedemento de mobilidade interna voluntaria ningún mérito inserido no sistema informático e/ou acreditado polos participantes con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, 20 de maio de 2022

O Director de RR.HH.

Área sanitaria da Coruña e Cee

Asdo.: Javier Fernández Nistal

